



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE
E DOUS DE XULLO DE 2020, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
Escusa asistencia:	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e dous de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (25/06/2020).

Dáse conta da acta do pleno celebrado o día 25/06/2020 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre derogación da Ordenanza fiscal nº 22 reguladora da taxa pola prestación do servizo de ludoteca municipal.

Dado que a prestación do servizo de ludoteca municipal está contemplado na actualidade como unha das modalidades ou servizo parcial do *Programa Municipal de Conciliación Conxuga do Concello de Vedra*, para o que se pretende a imposición dunha taxa reguladora do mesmo.

Proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Derrogar a Ordenanza Fiscal nº 22 reguladora da taxa pola prestación do servizo de ludoteca municipal.



Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e catro en contra do PSdeG-PSOE e BNG.

3º.- Acordo, se procede, sobre imposición de taxa e Ordenanza fiscal reguladora da mesma pola prestación do servizo do Programa municipal de conciliación Conxuga do concello de Vedra.

O Programa Municipal de conciliación da vida familiar e laboral Conxuga do Concello de Vedra contempla tres modalidades ou servizos parciais: servizo de madrugadores, servizo de ludoteca polas tardes e vacacións lúdicas (ludoteca de verán).

Este servizo cumpre unha tripla función:

*Educativa como complemento da escola e a familia.

*Función integradora de todos/as os nenos/as que acoden a ela.

*Permítelle a pais, nais, titores/as legais podre conciliar as súas obrigas laborais co coidado dos/as seus/súas fillos/as.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 17, 20 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo

Proponse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobado a imposición da taxa pola prestación do servizo do *Programa Municipal de Conciliación Conxuga do Concello de Vedra*.

SEGUNDO.- Aprobado provisionalmente a Ordenanza Fiscal reguladora da citada taxa.

TERCEIRO.- Someter á información pública o anterior acordo mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, durante un prazo de trinta días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación do mesmo, para que os interesados poidan examinar o correspondente expediente e presentar as alegacións oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten alegacións ao expediente no prazo anteriormente citado, o acordo entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de acordo plenario, de conformidade co artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

A Presidencia explica as novidades máis importantes do contido do texto, expoñendo que haberá un límite de prazas, dada a limitación do espazo debido á actual situación, e que se está a traballar con 40 prazas, e tamén que se solicitará o empadramento no Concello.

Discútese entre os grupos políticos o incremento das taxas que supoñen as novas tarifas, e aclárase que os prezos son por mensualidade.

A Presidencia expón que os incrementos que se contemplan son razoables e que se trata de refundir todos eses cambios, esixencias, normativas etc. ao longo dos anos.

Establécese como primeira prioridade o feito de estar empadroadado no concello, que era un debate que viña dende hai tempo e que agora se incrementa polos protocolos do COVID.

Traballouse para que os usuarios habituais da ludoteca puideran seguir facendo uso da mesma e había que darlle prioridade aos empadroados. Tamén se actualizaron os horarios axeitándoos ao novo horario do CPI de Vedra, co cal hai unha ampliación das horas dende as 15:00 ás 20:00 horas todos os días da semana.

Na nova ordenanza tamén se tratou de reflectir as novas realidades familiares que foron xurdindo, como as situacións de separación, divorcios, custodias compartidas, etc. e agora quedan reguladas nos baremos e nas taxas.



Efectivamente hai unha actualización de taxas, algo que non lle gusta ao equipo de goberno e entende que os grupos da oposición se opoñan ás subidas das taxas, pero dentro da responsabilidades do goberno tiñan que actualizalas.

Existen tres servizos: o de madrugadores, que se mantén o que xa existía, e no que non hai unha subida notable. Nos servizos de ludoteca durante o curso e na de verán si existe unha subida.

Coa anterior ordenanza, 4 ou 5 días á semana eran 35 € ao mes, e agora son 50 € ao mes catro días á semana, ou 60 € ao mes cinco días á semana.

Os que usaban a ludoteca 1 día á semana pasan de 12 € a 15 € ao mes. Os que a usaban 2 días á semana pasan de 24 € a 30 €. Os que a usaban 3 días á semana pasan de 30 € a 40 €.

Na ludoteca de verán as subidas, proporcionalmente son menores. Por un mes de ludoteca pasan de 75 € a 100 €, e por 2 meses pasan de 125 € a 160 €. Ademais agora introducíronse os períodos semanais que antes non existían.

Dende o ano 2011 cando se fixo a última actualización ata o día de hoxe non se fixo ningunha, pero si se actualizaron os gastos (non de luz, gasóleo, etc.) senón dos reforzos que houbo que facer polos novos cocientes. Houbo actualizacións de persoal e melloras salariais e iso supuxo que se encarecera o servizo dende aquela ata agora e non se incrementaron as taxas. Os ingresos achegados polas familias seguían sendo os mesmos dende o 2011 ata hoxe. O déficit foi medrando dende o ano 2011 e nestes momentos está entre trinta e corenta mil euros, concretamente o ano pasado foi de trinta e cinco mil euros.

Nos días soltos pode parecer moito pasar de pagar 4 € a 8 €, pero non parecía xusto que os que ían en días soltos (pensado para situacións extraordinarias) pagaran 4 € porque practicamente non contribuían a soste o servizo.

Matiza que se manteñen todas as bonificacións e exencións que existían e increméntanse polas novas situacións familiares que comentaron antes. As bonificacións e exencións son acumulativas e arredor dun 40% dos usuarios teñen algún tipo de bonificación.

O grupo de goberno ten que garantir a sostibilidade deste servizo e doutros. Este servizo está pensado para a xente que traballa, polo que se supón que ten ingresos, e precisamente porque traballa precisa deste servizo. Tamén teñen que garantir o resto de servizos que se prestan no concello e teñen que controlar o déficit que se orixinan noutros servizos e por iso é unha taxa e non un prezo público, porque a taxa non obriga a cubrir o custe do servizo e o prezo público si o obriga.

Non lle gustaría facer a subida de taxas e entende que se opoña a oposición, pero como grupo de goberno teñen a responsabilidade de garantir os servizos.

Cre que a actualización non é esaxerada e cónstalle que moitos dos pais que fan uso do servizo comprende e non están en contra da actualización se é para manter o servizo e garantir a calidade do mesmo.

Intervén dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, para dicir que quizais unha subida das taxas sexa necesaria, pero nunca do 61%. Este servizo cando gobernaba o PSdeG-PSOE chegou a ter un prezo máximo de 133 € ao ano por cinco días á semana durante doce meses.

No ano 2011 pasou a valer 470 €, o que supuxo un 353% de subida e agora no ano 2020 supón un 61% de subida con respecto ao prezo anterior. Dende que o PP goberna en Vedra a taxa da ludoteca municipal subiu un 570 %. Se era un proxecto viable co PSdeG-PSOE, non entende como o PP non é capaz de facelo viable.



Gustaríalle saber cales son as modificacións dos cocientes que acaba de dicir, porque cre que non é tal modificación, senón que o PP non cumpría os cocientes e tiveron que contratar máis persoal para cumprir a lei.

Os días soltos pasan a costar 8€, subida dun 25% no servizo de madrugadores e un 50% de subida nos servizos de tarde ou mañás de verán. Cre que a subida é totalmente inxustificable.

Na ludoteca de verán mais do mesmo..... 100 € ao mes, e o cobro de semanas non é proporcional ao cobro do mes completo, como viña sendo.

Por outra parte, as bonificacións, que son as mesmas que xa implantaron no 2011, parécenlle vergoñentas; que unha familia que gaña 1.400 € pague o mesmo que unha que gaña 5.000 € ao mes, non ten lóxica nin razón, soamente o ter o menor número de bonificacións posibles. O normal, como se fai na Escola Infantil Municipal, é que se teña en conta o número de membros que compoñen a unidade familiar.

Como xa comentara na Xunta de Goberno celebrada o pasado luns, quizais, dado que moitos dos usuarios do servizo son veciños e veciñas do concello de Boqueixón, cre que este debería colaborar co mantemento en proporción ao número de nenos que lle correspondería, da do que a parroquia máis grande de Boqueixón vén ao CPI de Vedra e moitos nenos quedan á ludoteca.

Dille á Presidencia que continúe subindo os prezos da ludoteca, ata que non poida ser asumible para os veciños. Cando colleu o bastón de mando por primeira vez, o 10 de xuño de 2011 recolleu un concello cuns servizos sociais espectaculares, a ludoteca era unha envexa en toda a redonda. O PSdeG-PSOE fixo a piscina, a ludoteca, a escola infantil, moitos locais sociais..... e o PP non fai nada, non inviste nin en Vedra nin para Vedra. Só lle pide que coide a herdanza que lle deixaron, porque dende logo non o está a facer.

Para que o Sr. Vázquez e o Alcalde se suban o soldo, e para a innecesaria dedicación parcial do Sr. González Couto o concello non ten problema de liquidez, pero logo as contas de mantemento da ludoteca seica non dan.

Para gastar 12.000 € na estatua da camelia, para gastar ben máis de medio millón de euros en Sta. Cruz , parécelle un malgasto innecesario porque o está a face en algo que non é propiedade do concello, e aínda por enriba paga alugueiro.

Como xa dixo a nosa compañeira Lucía no pleno do 22 de setembro de 2011 o PSdeG-PSOE votou en contra da suba daquel momento e no ano 2020 tamén votará en contra.

Intervén dona Yolanda Vieiro, do BNG, para dicir que volve escoitar a palabra déficit un pleno máis e cre que é un pouco vergoñento dicir déficit nun servizo público porque todos os servizos públicos son deficitarios.

Pregunta como poder ser que este ano o PIB de Galicia baixe un 12%, se é o ano onde os que queren axudar aos veciños, suban as taxas de todos os servizos. O mes pasado foi a gardería, agora a ludoteca, e xa dixo que ían ser máis servizos esenciais de conciliación. Por outro lado, hai un ano asinouse un contrato con Ferrovial que sae 30.000 € a maiores do que se pagaba antes; ou páganse 12.000 € por unha estatua ou malgástanse cartos nunha viaxe a Arxentina, e para axudas esenciais, como é este caso, non hai cartos.

Di que os cartos veñen doutras administracións e hai que distribuílos en cuestións esenciais; e agora mesmo é esencial que as familias, que este ano van sufrir un revés pola crise da COVID, non teñan que pagar máis por servizos que son primordiais para elas.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.



A Presidencia pregúntalle ao BNG cal é a palabra axeitada se non se pode falar de déficit. As cifras da ludoteca no ano 2019 foron de 58.000 € de gasto directo e de 24.000 € de ingresos, incluíndo a subvención de 9.000 €. O resultado é de – 34.000 €. Claro que é deficitario porque é un servizo público, pero os ingresos do concello en xeral non van crescendo todos os anos.

Se van a porcentaxes, os pais pagan o 26 % do custe do servizo, a subvención supón un 16% e o concello asume entre o 58% e o 60% do custe do servizo. Dos fondos propios do concello para este servizo van uns 34.000 €. Un servizo que se presta a 40/50 familias, que é fundamental e cre que é dos mellores servizos de ludoteca de toda a contorna e ségueo sendo e xa levan 9 anos no goberno.

Por outro lado, cando fala da crise, cre que ese é un argumento tramposo, porque por desgraza se unha persoa perde o seu traballo non vai precisar o servizo de ludoteca, que está pensado para as persoas que están traballando e teñen que conciliar; e se manteñen o traballo pero con menos ingresos, van ter bonificacións.

No tema de Ferrovial, reincide nun argumento tramposo. É moi probable que a partir de 2021, en relación ao que se gastaba antes da adxudicación, aforre o concello máis de 80.000 € anuais.

No que respecta ao PSdeG-PSOE, sinala que lle gustaría saber en que ludoteca teñen o servizo de 5 horas diarias, 5 días á semana e con persoal que acompaña aos usuarios ás actividades por 60 € mensuais.

Por outro lado, di que ten que comparar os custes do servizo cando gobernaba o PSdeG-PSOE e o custe actual; que servizos se prestaban daquela e que servizos se prestan agora. É probable que daquela o SAF aínda estivese nacendo e non se investían tantos cartos nel. O custe dos servizos sociais en xeral hoxe vai por enriba do millón de euros e había que ver o custe dos servizos sociais naquel momento.

As bonificacións non cambiaron e foi o PP quen estableceu as bonificacións e exencións. Aínda así, resúltalle curioso que as cualifique agora de vergoñentas e non os anos anteriores. O límite é 2,5 veces o IPREM, e pode variar para o ano que vén se o goberno central modifica o IPREM. O IPREM é a referencia e por enriba de 2,5 veces terá dereito a outras bonificacións.

Respecto á subida dos días soltos, pregúntalle se sabe cal é o prezo medio por hora dunha persoa para coidar un neno. A ludoteca é un servizo xeral para todos e non pode ser un servizo á carta.

Cando fala do salario do Alcalde, Sr. Vázquez e Sr. González Couto, di que ese argumento xa o usou no debate sobre a gardería e pídelle que non o use para todos os servizos.

Mantén o seu apoio a esta actualización da ordenanza e cre que é fundamental para manter a calidade na prestación do servizo que no fondo é o que a xente busca.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE pregunta se consultou o salario medio dos veciños de Vedra, porque se é similar ao do Alcalde, é probable que 60 € ao ano non sexa moito.

A subida que propón o grupo de goberno é de 300 € ao ano e iso para moitas familias é o importe do recibo do catastro da súa vivenda.

Quizais cando gobernaba o PSdeG-PSOE, tiña menos gastos en servizos sociais, pero tiña maior inversión en pistas, locais sociais, etc. Solicita unha listaxe coas inversións que o grupo de goberno fixo nestes 9 anos.



Para ter descontos na ludoteca hai que estar case na miseria, como xa lle comentou á responsable da mesma no seu momento.

Respecto ao déficit global, di que o que se aforra na dedicación do Sr. González Couto, na escultura, etc dálle igual que se destine á Escola Infantil Municipal ou á Ludoteca. O que supón ese gasto fai mermar os servizos sociais.

Intervén dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, para recordarlle que o seu grupo trouxo unha moción ao pleno non hai moito tempo na que o PP negouse a solicitarlle á Xunta e ao Goberno do Estado que financiaran máis correctamente ese servizo do SAF.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, expón que nunha familia na que traballan dúas persoas, non quere dicir que non sufra unha crise actualmente, xa que se os ingresos baixan en 200 ou 400 euros e os gastos se manteñen, para esa familia ese deterioro supónlle un problema. Por outro lado, agora mesmo o contrato de Ferrovial non é rendible.

Cando entraron no goberno subiron as tarifas despois dunha crise e agora fan exactamente o mesmo.

A Presidencia responde que o que se está a pagar agora con respecto ao contrato de Ferrovial é unha cifra similar á que se estaba pagando anteriormente.

Non dubida que a crise poida afectar aos veciños de Vedra, pro os veciños sufrirían máis se o concello se ve obrigado a pechar certos servizos por non dalos sostido.

Ademais, o PP non minguou os servizos sociais, senón que aumentou a prestación dos mesmos.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e catro en contra do PSdeG-PSOE e do BNG.

4.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto á Aula Cemit, di que non abandonaron nada. Nos últimos anos non houbo cursos porque as últimas veces que se convocaron non había demanda por parte dos usuarios.

A subvención concedíase sempre e cando se cumpriran un número elevado de horas de uso da aula, que eran moitas. En calquera caso é unha aula que intentarán recuperar con iniciativas como os cursos de capacitación que propuxo o BNG e outras actividades. Están traballando para ofertar no inicio do novo ano académico os cursos necesarios.

O responsable actual da aula é o concelleiro Juan Cernadas.

2º.- Toma nota das pistas que solicitou que se arranxaran.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a desagregación das indemnizacións dos membros do pleno da corporación dos dous primeiros trimestres de 2020, a Presidencia di que son só 10 concelleiros porque as tres dedicacións non teñen indemnizacións.

As cifras brutas son as seguintes:

APELIDOS E NOME	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE
Costa Carneiro, Manuel	1.210 €	1.482 €
García Lema, Susana	502,95 €	550 €
Varela Barreiro, Diana	500 €	450 €
Cernadas Méndez, Juan Manuel	831,88 €	941,88 €



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Caldelas González, José	550 €	600 €
Amenal Junquera, Beatriz	750 €	1.184,63 €
Sangiao Durán, Raquel	550 €	600 €
García Cutrín, Carlos	300 €	500 €
Pose Rodríguez, José Antonio	650 €	1.150 €
Vieiro Cebeiro, Yolanda	650 €	600 €

2º.- Respecto a que se fagan públicas as altas e as baixas do padrón municipal de habitantes, a Presidencia di que entende que a LPD impide publicar eses datos. O que se publica son as altas porque teñen unha resolución da alcaldía e as baixas non.

3º.- Sobre cal foi o custe dos arranxos da piscina municipal e en que consistiron, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que se fixo o lavado e rexuntamento das xuntas do vaso, a reposición dos azulexos deteriorados e das baldosas que se levantaron para reparar a tubaxe do desaugadoiro. Tamén se lle deu un proxectado con resina a toda a canle do perímetro da piscina que verte as augas, reparouse a tubaxe da mesma, e reparouse a soleira de cemento na zona de herba, e retirada do escombros xerado.

O custe destes traballos ascendeu a 11.044,77 €.

4º.- Respecto aos roces que estivo a facer o Sr. González Couto co tractor municipal, a Presidencia di que foron por necesidades do servizo debido á baixa dun tractorista municipal e á urxencia en facer eses traballos.

5º.- En canto ao gasto que tería a xestión directa da Escola Infantil Municipal, di que na licitación o custe anual é de 187.000 €. Se fose xestión directa, aplicando o convenio colectivo do persoal municipal, suporía un mínimo de 258.155 €, nos que non están incluídos, porque non se sabe, que custes tería cubrir baixas, días por asuntos propios, etc. Existe unha diferenza de máis de 70.000 € anuais.

6º.- Respecto ao voto en contra da bonificación do IBI, di que son unhas opinións que non comparte.

7º.- Sobre quen vai ser o próximo conserxe do CEIP Ortigueira, di que vai ser persoal propio do concello, María Carmen Pérez Torres.

8º.- Respecto a que no próximo boletín saíse un recordatorio á veciñanza da prohibición de uso por parte de particulares de fogos de artificios, di que é un rogo.

9º.- Sobre a ironía de propoñer a xestión do goberno galego ao premio Príncipe de Asturias, é unha opinión que non comparte.

-- Ás preguntas do don Carlos García Cutrín do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a parcela do Cotiño, di que esa parcela permite varias posibilidades e que están valorando as distintas opcións que lles permite e escoller a mellor para os servizos do concello. Cando decidan a opción debaterase o tema.

2º.- Respecto á reposición de dúas tapas de sumidoiros e colocación dun colector de vidro en Nande, di que xa tomou nota.

-- Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a planimetría de todas as novas explotacións de viño que se están a facer no concello, di que aínda non a ten.

5º.- Rogos e preguntas.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:



1º.- Respecto da Aula Cemit, cre que o grupo de goberno debe facer autocrítica e preguntarse porque eses cursos deixaron de ter interese e porque non había xente que se anotase. Ao mellor non ofertaban o que os veciños necesitaban.

2º.- Solicita o arranxo dunha fochanca que hai subindo cara Quintáns xa que cada día é máis grande e case non se dá circulado co coche.

3º.- Solicita unha relación dos espazos públicos dotacionais existentes en cada parroquia. San Xián carece deste espazos. Na campaña electoral do ano 2011, o PP ía facer, entre outras cousas, parques infantís, e en San Xián segue habendo o mesmo. Nesa parroquia están carentes dese servizo e o que hai non é municipal. Está xunto á escola con un montón de nenos que non teñen a onde ir. Se o grupo de goberno pode gastar preto de un millón de euros nunha infraestrutura en Santa Cruz, que non é propiedade do concello, cre que debe mirar cara outras parroquias.

Propón crear un mesa de traballo cos grupos políticos, invitar á asociación de veciños a participar e entre todos buscar un espazo para realizalo.

Pregunta se a asociación de veciños lle fixo chegar algunha suxestión.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita que o arranxo de pistas se faga de xeito correcto, que non se limite a botar un pouco piche.

2º.- En contestación ao rogo de dona Susana García, no pleno anterior, sobre o uso da súa imaxe, quédalle claro que a Señora Susana non solicitaría tal rogo se o grupo socialista de Vedra se dedicara a eloxiar o seu labor como concelleira de Benestar Social, Muller e Igualdade e Persoal.

Pero nestes primeiros 13 meses de posesión do cargo de concelleira apenas teñen eloxios, gustaríalles poder darllos por:

Dar clases de defensa persoal non só as mulleres adultas, se non tamén á mocidade, pero non o fixo.

As charlas sobre violencia de xénero deberían ser impartidas non só dende o punto de vista dunha vítima, senón dunha/dun psicólogo/a especializado/a en violencia de xénero.

Non ter que ser a oposición a que teña que dicirlle que o grupo de goberno é consentidor das irregularidades dos dereitos laborais das traballadoras da Escola Infantil Municipal.

Nin os parabéns lle poden dar por saír da súa concellería a idea dun centro de día para Vedra.

Parece que a dona Susana García Lema non leva ben as críticas cara o seu labor (mal labor) como concelleira, mais cando se acompaña dunha imaxe súa, extraída dos Populares de Vedra.

Unha imaxe que reflicte a unha concelleira, nun acto público, nun local público e no exercicio das súas funcións.

Se isto lle queda grande e non quere que se difunda a súa imaxe só lle ve unha solución que é a renuncia á súa acta de concelleira e deixará así, de ser un cargo público.

Nin o Sr. Feijóo no seu momento tentou eliminar a súa imaxe con Marcial Dorado.

Visto que a normativa vixente permite o uso e difusión de imaxes de cargos públicos no desempeño das súas funcións, (salvo que ditas imaxes estean rexistradas) polo que solicita ao secretario xeral do PP de Vedra, teña a ben comunicar se é así, dado que é o dono da imaxe. De non ser así, están no dereito de seguir usando esa imaxe.



3º.- No tríptico SOY VEDRA, aparecen frases como:

SOY PARA DESCRUBIR..... PARA EL OCIO, SOY FESTERA.....
CARNAVAL..... SOY PARA DORMIR..... PARA COMER.... SOY
GASTRONOMÍA E ARTESANÍA, SOY ASOCIATIVA PARA COMPRAR.

Gustaríalle saber quen foi o artífice do mesmo feito en castelán e copiado do tríptico “SON VEDRA” (editado en galego, polo goberno socialista de Odón Cobas).

Así mesmo lémbrale:

A Constitución española establece no artigo 3 que «As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos», ademais de recoñecer que as linguas de España son un patrimonio cultural que deberá ser obxecto de respecto e protección.

En consonancia coa Constitución española, o Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5 dispón que «A lingua propia de Galicia é o galego» e que «Os poderes públicos de Galicia garantirán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa...».

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, establece no seu artigo 4.1 que «O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma».

Ademais, no artigo 6.4 prevé que «a Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As corporacións locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta lei».

No artigo 22 sinala que «o Goberno galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará á administración e aos particulares, e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos desa lei». A Xunta de Galicia ten axudas para o uso do galego na administración local, e cre que a deben solicitar, porque lles fai moita falta.

O seu artigo 25 di: «o Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras».

Coa impresión e difusión deste tríptico o concello está a incumplir a Constitución, o Estatuto, a Lei de normalización lingüística, o plan xeral de normalización e a Lei da administración local de Galicia.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 7, números 1 e 3, dispón, respectivamente, que «o galego, como lingua propia de Galicia, é tamén da súa Administración local»

Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local: É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. É necesario incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas.

Coa edición, impresión e difusión de este tríptico o concello de Vedra está a incumplir :
A constitución Española.

O estatuto de Autonomía de Galicia.

A lei de normalización lingüística de Galicia.



O plan xeral de normalización da Lingua Galega.
A Lei de Administración local de Galicia.

Responde a Presidencia para dicir que ese tríptico existe en galego, castelán e inglés, e que lle gardará un exemplar de cada. A maior edición foi a que se fixo en lingua galega que foi a que se repartiu.

4º.- Quere que quede constancia que o grupo de goberno censura o debate no pleno da moción presentada polo grupo socialista en relación ao inicio de expediente sancionador a Ana Naya García, S.L. Con motivo de repetidas infraccións en materia laboral e a contratación de persoal non cualificado para o posto na Escola Infantil Municipal, sendo coñecedor o concello de Vedra, e consentidores de tales irregularidades.

Nestes momentos, solicita ao secretario do concello de Vedra, que dea fe da titulación do persoal da Escola Infantil Municipal, esperando que todas/os estean en posesión do establecido no decreto 329/2005.

Non pretende que sexa nominal, senón en función da relación de empregados a subrogar establecida no prego de condicións administrativas (dirección, educador 1, educador 2, educador 3, educador 5, persoal de apoio 1, persoal de apoio 2 e persoal de servizos xerais.

Recollerao a semana que vén, antes de que vaia de vacacións, xa foi requirido vía rexistro.

5º.- Solicita que sexan retirados os restos dos contedores queimados o mes pasado no noso termo municipal. Cre que son varios, e ten constancia polos veciños de Trasariz. Tamén solicita que se coloque ese a carón da parado do autobús.

6º.- No pleno de outubro do 2019 o concelleiro de educación comprometeuse en pleno a amañar as baldosas soltas do CPI de Vedra.

Cónstalle, mediante comunicación do consello escolar, que outro ano máis esas obras de mantemento quedarán sen acometer, incumprindo o prometido no pleno polo Sr. Costa Carneiro, que se manifestou en pleno deste xeito: “ di que este concello traballa sempre para atender as demandas dos seus centros educativos o mellor e máis axiña posible, en función das súas posibilidades e así o recoñeceron publicamente os directores e directoras. Moitas das demandas son obrigas por parte do concello e este grupo de goberno entende que a educación debe ser unha das prioridades. No que se refire ás lousas e lastras, di que se falou coa Consellería e coa empresa que está a executar as obras de ampliación. A pretensión era que eles fixesen esa actuación. Xa fixeron algunhas e se quedase algunha por facer, faríase cargo o Concello.”

Por outra banda, tanto o grupo socialista como a ANPA do CPI de Vedra solicitou a instalación de fontes de auga KM0 no CPI dado as reiteradas queixas de mal olor e sabor por parte do alumnado.

A tal efecto o Sr. Vázquez comunicoulles á ANPA de maneira verbal, que eles só están obrigados a prestar auga potable ao centro, nada mais, e como iso xa o facían co abastecemento de auga pública non as ían poñer.

A auga do CPI de Vedra (auga da traída municipal) non ten bo olor nin sabor, o mesmo que, parece ser, pasa ca auga da casa do concello. Hai uns meses, dispoñen dunha fonte KM0 para o uso do persoal. Cando dona Beatriz Amenal comenta este feito co Sr. Alcalde, este dille que se o CPI desexa ter auga KM0 terá que pagala do seu peto.



Coméntanlles dende a ANPA do CPI que este curso van financiar unha fonte para o uso comunitario de preto de 400 alumnos, dado que o concello se nega a facelo. Dita ANPA é unha ANPA modesta, con convenio de colaboración co concello de Vedra de 300€ anuais (que por certo está sen abonar o curso 2019/2020) fronte ao convenio asinado co CEIP de Ortigueira, con un importe 3.500 €, sendo nese momento Susana García Lema a presidenta de dita asociación e Carlos Martínez Carrillo o tesoureiro.

Intervén a Presidencia para dicirlle que debería preguntar por que recibe eses cartos a ANPA de Ortigueira. Recíbenos porque son os responsables do servizo de madrugadores.

7º.- Hai ou houbo un operario do tractor de baixa, e o Sr. González Couto está rozando cunetas, cousa que non debe facer como concelleiro, por moita dedicación que teña.

Pregunta que pasaría se tivese un accidente con ese tractor.

O problema volve ser, unha vez máis, a ineptitude, falta de previsión e capacidade de xestión que ten o equipo de goberno.

No 2017 procedeuse a convocatoria de bolsas de emprego temporal de diferentes categorías:

Operario - condutor de servizos múltiples (PC e recollida de lixo). - Albanel oficial de segunda. - Tractorista – padexeiro. - Xardineiro oficial de segunda. - Operario servizos múltiples - conserxe. - Monitor servizos culturais e educativos.

Dito proceso selectivo rematou en xaneiro do 2018 e tiña unha duración de dous anos, que expiraron en xaneiro do presente ano.

Se estiveran ao día ca bolsa de emprego temporal, posiblemente habería un operario cubrindo a baixa do tractorista.

Solicita que se volvan abrir a convocatoria de bolsas de emprego temporal municipal.

8º.- Solicita un informe piscina municipal coa relación de usuarios medios da piscina no verán de 2019 e 2020, a relación de importes facturados por bonos en 2019 e 2020, a recadación da cafetería en 2019/2020, ademais dos gastos da piscina, canto lle custou ao concello a piscina no verán 2019 e 2020 descontando a subvención de contratación de socorristas que este ano ascendeu a 7.000 €.

Pregunta se se dá conta de que a supresión dos bonos familiares fixo que a piscina estivera practicamente baleira. A piscina de A Estrada tamén está bastante baleira, pero resulta que abriron ao público a praia fluvial, o mesmo que aconteceu en Teo.

Segundo a Presidencia eses usuarios ocupaban a cota da piscina.

Pero tamén facían consumo na cafetería, este ano entre a COVID, a supresión do bono familiar conseguiu que a piscina municipal tivese a menor ocupación de toda a súa historia. Pregunta se cre que esa é unha boa xestión

Se esta decisión a tivera tido nunha empresa privada, e xerara tanta perda económica, estaría nas filas do INEM.

9º.- Solicita ao concello de Vedra que comece a aplicar a Lei de protección de datos en todas as súas medidas e deixe de difundir nomes de particulares nas axudas, subvencións, procesos selectivos, baremación de calquera índole, etc. utilizando para tal efecto a substitución do nome e apelidos da persoa por un código de identificación da solicitude, como xa se fai en moitos ámbitos como a consellería de educación ou o concello de Teo.



En relación a protección da imaxe persoal, pregunta se é legal a difusión das imaxes de menores nas actividades culturais levadas a cabo polo concello de Vedra ao longo do verán, porque a autorización non está asinada.

10º.- Solicita un informe sobre a valoración do estado dos ascensores nos locais públicos.

11º.- Pregunta cal é o estado do expediente sancionador do SAF.

12º.- Existe unha demanda do CEIP Ortigueira na que solicitan a reparación do edificio vello, das fendas do muro, do soportal do edificio novo, arranxos no ximnasio, a construción dun almacén debaixo das escaleiras do ximnasio para gardar o material deportivo e revisar o estado das escaleiras do colexio vello.

13º.- Pregunta se son certos os rumores de que prometeu a construción dun polideportivo en Santa Cruz.

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Respecto da planimetría dos viñedos, o 11 de xullo saíu en El Correo Gallego unha extensa reportaxe sobre este tema nos concellos da zona do Ulla e falaba das hectáreas que se tiñan previsto plantar. Cre que debería falar con esa xente, porque son máis coñecedores do tema.

Despois dos problemas que houbo en Vilanova coas choivas, parece ser que van plantar 50 hectáreas máis. Cre que deberían poñer as medidas oportunas para que non sucedan os mesmos problemas.

2º.- Pregunta cando van comezar os cursos de capacitación e cre que deberían darlle a publicidade axeitada porque hai moita xente que non se dá conta das actividades do concello.

3º.- Pregunta cando se van rematar as obras da escola unitaria de San Mamede, porque xa había os cartos para as mesmas dende hai anos.

Nese local no verán vai moita calor, non existe ventilación, non hai persianas, non funciona o ascensor, etc. Parece ser que haberá que seguir esperando para que teña o uso que se tiña previsto.

Intervén Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, para dicir que non se remataron as obras, pero si se usou o local para facer propaganda en El Correo Gallego.

4º.- Roga que se faga o roce das cunetas con máis calidade, xa que houbo veciños que se queixaron.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta minutos.